



1. Denominación do curso (nome do expediente): Servizos básicos de restaurante e bar
2. Contidos:
 - Prevención de riscos laborais específicos.
 - Hixiene alimentaria no sector de hostalaría.
 - Definición, caracterización e modelos de organización en hostalería.
 - Competencias básicas dos profesionais da hostalería.
 - Maquinaria, equipos, útiles e menaxe propios da área de restaurante.
 - Seguridade nas zonas de produción e servizo de alimentos e bebidas.
 - O preservizo e o postservizo na área de consumo de alimentos e bebidas.
 - Servizo de alimentos e bebidas.
 - Limpeza de instalacións e equipos.
 - Técnicas básicas de atención ao cliente.
 - Formación práctica en obradoiros.
 - Prácticas profesionais non laborais en hostalaría (120 horas).
 - Módulos transversais sobre a igualdade de xénero (5h), sobre o emprendemento (5h) e a sensibilización medioambiental (5h), e unha charla cun responsable de RRHH no sector da hostalería.
3. Horas totais do curso: 336,5.
4. Lugares de Celebración: No centro municipal de formación IRMÁS FROILAZ, na Gándara, e nas instalacións das empresas colaboradoras en prácticas.
5. Datas previstas do curso: Do 26 de febreiro ao 8 de xuño de 2020.
6. Horario previsto: De 9:00 a 14:00 horas en Aula, de luns a venres. Algún días lectivos, finalizarase ás 13:30 horas. A realización das prácticas en empresa, no horario que se determine, a razón de 5 horas/ día.
7. Nº de prazas: 15.

O concello resérvase a posibilidade de anular este curso, no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Reservarase un 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario.
8. Requisitos xerais do alumnado: Maior de 18 anos, desempregado e empadroado no Concello de Narón. O requisito de idade ten que cumprirse o día de inicio do curso. O empadramento verifícase polo Concello o último día de prazo de presentación de solicitudes. O requisito de desempregado acreditarase no día de inicio de curso, coa tarxeta de desemprego actualizada.
9. Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, Sede Electrónica, e polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



10. Prazo de presentación das solicitudes: Desde o 11 de febreiro ás 8:30 horas, ata o 18 de febreiro de 2020 ás 13:30 horas.

A presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Narón faranse dentro do horario do Rexistro Xeral (8:30 - 13:30 horas).

11. Selección do alumnado Por rigorosa orde de inscrición no rexistro. Reservarase o 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición. Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes
12. Unidade Tramitadora: Servizo Sociocomunitario.

Para máis información, na sección de Servizos, Formación a Actividades Municipais da páxina web do Concello, ou contactar co Servizo Sociocomunitario, Teléfono 981.33.77.00, extensión 1108 e 1109.

13. Observacións: Publicarase na sede electrónica o listado provisional de persoas admitidas, suplentes e excluídas. O prazo de reclamacións contra o listado provisional será de 24 horas dende a súa publicación na sede electrónica, e deberán efectuarse a través de instancia xenérica nos lugares sinalados para a presentación de solicitudes. Coa publicación da listaxe definitiva na sede electrónica se entenderán resoltas todas as reclamacións.

O alumnado seleccionado será informado telefonicamente da súa admisión.

O alumnado terá que comprometerse a cumprir as normas do curso.

As persoas admitidas no curso terán que entregar o día de inicio do curso (no Centro Municipal de Formación) o DNI e a tarxeta actualizada como demandante de emprego. De no acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos causarán baixa no curso.